

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I18B	<i>Expediente</i> CON/31/2018	<i>Fecha</i> 13-07-18 13:33

Número 121 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á aprobación do expediente "Servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade (MEIC) e o Concello de Santiago de Compostela, financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Crecemento intelixente (POCint) 2014-2020", aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

Destinatario

15078DCMG12I18B6



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 13 de xullo de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 121 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE, CONVIVENCIA E INFORMÁTICA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE "SERVIZO DE OFICINA TÉCNICA DO PROXECTO SMARTIAGO EN APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE (MEIC) E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, FINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO INTELIXENTE (POCINT) 2014-2020", APROBACIÓN DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, de data 18 de maio de 2018. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, número 358/2018 de data 9.7.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Xan Duro Fernández, concelleiro delegado de medio ambiente, convivencia e informática, consonte ós termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12118B	CON/31/2018	13-07-18 13:33

EXPÓN:

1. Con data 7 de maio de 2018, o xefe de servizo de informática emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da contratación do servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade (MEIC) e o Concello de Santiago de Compostela, financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Crecemento intelixente (POCint) 2014-2020.

2. Con data tamén 7 de maio, esta concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria.

3. Coa mesma data, a concelleira delegada de economía, facenda e administración, resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmnte, o día 18 de maio seguinte, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da LCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento CMG12118B	Expediente CON/31/2018	Fecha 13-07-18 13:33

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade (MEIC) e o Concello de Santiago de Compostela, financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Crecemento intelixente (POCint) 2014-2020, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de **466.942,15 euros IVE** aparte.**

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 98.057,85 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **060 46200 22706 (2018 2 TIAGO 27)**.

O proxecto SMARTiAGO financiarase nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) do Programa Operativo de Crecemento Intelixente (POCINT) 2014-2020.

Esta cofinanciación lévase a cabo a través do Convenio asinado con data 4 de decembro de 2017, entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (en adiante MEIC) para o proxecto SMARTiAGO cofinanciado con fondos FEDER.

Os importes totais e por exercicio, asumindo o inicio a 1 de agosto de 2018, aplicada a taxa de cofinanciación do 80%, son os que se indican de seguido (importes con IVE), condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Exercicio	Importe	FEDER	Fondos propios
		80%	20%
2018	70.625,00	56.500,00	14.125,00
2019	169.500,00	135.600,00	33.900,00

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I18B	CON/31/2018	13-07-18 13:33

2020	169.500,00	135.600,00	33.900,00
2021	155.375,00	124.300,00	31.075,00
TOTAL	565.000,00	452.000,00	113.000,00

"

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o expediente denominado **Servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago** en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade (MEIC) e o Concello de Santiago de Compostela, financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Crecemento intelixente (POCint) 2014-2020, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 466.942,15 euros, IVE aparte.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a 98.057,85 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 060 46200 22706 (2018 2 TIAGO 27).

O proxecto SMARTiAGO financiarase nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) do Programa Operativo de Crecemento Intelixente (POCINT) 2014-2020.

Esta cofinanciación lévase a cabo a través do Convenio asinado con data 4 de decembro de 2017, entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (en adiante MEIC) para o proxecto SMARTiAGO cofinanciado con fondos FEDER.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I18B	CON/31/2018	13-07-18 13:33

Os importes totais e por exercicio, asumindo o inicio a 1 de agosto de 2018, aplicada a taxa de cofinanciación do 80%, son os que se indican de seguido (importes con IVE), condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Exercicio	Importe	FEDER	Fondos propios
		80%	20%
2018	70.625,00	56.500,00	14.125,00
2019	169.500,00	135.600,00	33.900,00
2020	169.500,00	135.600,00	33.900,00
2021	155.375,00	124.300,00	31.075,00
TOTAL	565.000,00	452.000,00	113.000,00

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

